



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

MJY

SECRETARIA XERAL-AREA RÉXIME INTERIOR DE ESTATÍSTICA.

**BORRADOR DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN:
ORDENANZA DE ROTULACIÓN DE VÍAS URBANAS, DISEMINADOS E
NUMERACIÓN DE EDIFICIOS.**

PREÁMBULO

A Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do padrón municipal, deixa patente a transcendencia que unha axeitada nomenclatura e rotulación das vías públicas e dos propios edificios, posúe para unha correcta formación e xestión do padrón municipal de habitantes, e por ende, para a formación do censo electoral.

O Concello de Narón conta cunha ordenanza en vigor nesta materia (publicada no BOP núm: 109, de 11 de xuño de 2012) que, nestes intres debe adaptarse tanto ás instrucións técnicas citadas, como á propia normativa que regula a tramitación electrónica dos procedementos a partir da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais normativa concordante.

A necesidade e conveniencia da modificación e adaptación pretendidas, deriva igualmente da previsión recollida no artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial (incluído dentro do capítulo relativo á comprobación e control do padrón municipal) comprensiva da obriga que aos concellos se atribúe de manter



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

actualizadas a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, informando disto a todas as Administracións Públicas interesadas; e debendo igualmente de manter tamén a correspondente cartografía.

Por outra parte, o artigo 35 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, establece que para a revisión anual do censo electoral os concellos enviarán as altas e baixas dos residentes.

A transcendencia da modificación incoada, coa correlativa pretensión de ofrecer superior seguridade e axilidade na localización de inmobles no termo municipal, resulta patente en multitude de actos da vida cotián da nosa cidadanía (prestación de servizos, tráfico xurídico de inmobles, etc...). Pero na redacción desta modificación da ordenanza en vigor procúrase igualmente determinar unha exhaustiva regulación tanto dos criterios técnicos para a rotulación e numeración, como do particular procedemento para a súa asignación; incorporando así mesmo, criterios para a denominación das vías públicas.

Finalmente no seu texto recóllense os deberes, tanto do propio concello como dos propietarios dos inmobles, relativos á conservación e mantemento dos rótulos das rúas, e, en particular, da propia numeración, co fin de manter esta información o máis actualizada posible.

CAPITULO I

Natureza, fins e competencia

Artigo 1º.

É obxecto da presente ordenanza regular a denominación e rotulación das rúas e demais vías urbanas, así como a numeración de casas, edificios, e restantes inmobles con transcendencia postal, do termo municipal de Narón, co fin de acadar a súa precisa identificación para cantos efectos resulten necesarios.

Artigo 2º.



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

Para o non previsto na presente ordenanza, aplicaranse as previsións recollidas nas ordenanzas do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Narón e, en xeral, as determinacións contempladas na lexislación sobre Réxime Local e nas normas sobre xestión e revisión do padrón municipal de habitantes, ás que se deberá adaptar no suposto de modificación destas.

Artigo 3º.

As rúas e demais vías públicas levarán o nome que o Concello de Narón acordou ou acorde no sucesivo.

As rúas que se executen en terreo particular, non poderán ostentar no seu interior nome ningún, agás autorización expresa do Concello aos seus propietarios.

A efectos da aplicación desta ordenanza, a expresión “vía pública” fará referencia a vías de titularidade pública, e a vías de titularidade privada que sexan de uso público.

Só a denominación de rúas aprobadas polo concello integrarán o rúeiro oficial e terán validez para todos os efectos legais.

Igualmente, só a numeración establecida polo concello para os distintos inmobles que no seu caso se acorde terá validez a todos os efectos legais.

CAPITULO II

Procedemento.

Artigo 4º.

Primeiro.- Os procedementos contemplados nesta ordenanza, poderán iniciarse de oficio, ou ben, a solicitude de persoa interesada, presentada por calquera dos medios especificados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se outorgue licenza de obras nunha vía que non teña nome ou numeración aprobada, o titular da mesma solicitará a denominación e numeración correspondente, en escrito dirixido ao Negociado de Estatística do concello, achegando a Referencia Catastral ou un plano de emprazamento e outro plano da planta baixa, a escala 1/100, do proxecto autorizado, así como outra información que se estime oportuna (fotografías, outros planos, etc.).



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

Segundo.- Cando a solicitude conteña unha concreta denominación dunha vía pública, terá que ser acompañada dunha xustificación ou exposición razoada desta.

Terceiro.- O servizo correspondente fará os estudos que procedan e preparará a correspondente documentación, que deberá conter, en todo caso, un plano ou esbozo das vías afectadas ou predios.

Artigo 5º.

Primeiro.-A aprobación da numeración de vías e edificios compete á Alcaldía do Concello de Narón, sen prexuízo da súa posible delegación de acordo coa normativa de réxime local.

Segundo.- A aprobación da denominación de rúas e outras vías públicas compete, en todo caso, ao Concello Pleno, tras o ditame non vinculante da comisión informativa correspondente.

Terceiro.- Os acordos notificaranse a cantas persoas, físicas ou xurídicas, figuren como interesadas ou poidan resultar afectadas por estes; así como ás entidades, empresas ou organismos que presten servizos públicos destinados á colectividade.

Artigo 6º.

A competencia para ordenar a execución do proxecto de rotulación física de nome e números exercerase pola concellería de Estatística, de acordo coas características dos rótulos aprobados polo devandito servizo e que, en todo caso, deberán ser acordos coa sinalización e outros elementos de mobiliario urbano do conxunto da cidade.

CAPITULO III

Réxime de asignación de nomes e rotulacións.

Artigo 7º.

A rotulación das vías urbanas axustarase ás seguintes directrices:



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

a) Cada vía urbana estará designada por un nome aprobado polo Concello. Dentro do termo municipal de Narón non poderá haber dúas vías urbanas co mesmo nome, agás que se diferencien polo tipo de vía.

b) Non se poderán fraccionar rúas que, pola súa morfoloxía, deban de ser de denominación única. En consecuencia, procurarase que unha rúa teña un só nome, a menos que chegue a variar a dirección en ángulo recto, ou que estea atravesada por un accidente físico, ou cortada por unha rúa máis ancha ou por unha praza, en cuxo caso estes tramos poderán constituírse en rúas distintas.

c) O nome elixido deberá situarse en rótulo ben visible, colocado ao principio e ao final da rúa, e nunha, cando menos, das esquinas de cada cruzamento. Nas prazas colocarase no seu edificio preeminente, así como nos principais accesos.

Nos barrios ou rúas irregulares, que presenten entrantes ou prazas respecto á vía matriz, deben colocarse tantos rótulos de denominación como necesarios resulten a fin da súa perfecta identificación, podendo ser incluso que cada edificio leve o rótulo da vía á que pertence.

Artigo 8º.

Primeiro.- Poderá elixirse calquera nome para designar unha vía pública, preferentemente en idioma galego, sempre coa condición de que non resulte excluínte, discriminatorio ou malsoante. Esta denominación deberá ser adecuada para a súa identificación e uso xeral e habitual.

Segundo.- Non poderán ser elixidos aqueles nomes que estean afectados pola Lei de memoria histórica.

Terceiro.- Modificaranse aqueles nomes que estean afectados pola antedita Lei.

En calquera caso, a asignación de nomes levarase a cabo con carácter homoxéneo, atendendo á nomenclatura predominante na zona de que se trate. O mesmo criterio terase en conta para a asignación de varios nomes á vez, cando se refiran a novas construcións.

Cuarto.- Manteranse os nomes actuais que fosen consolidados polo uso popular. As modificacións de nomes preexistentes só procederá naqueles supostos que fosen debidamente xustificadas na proposición, e serán ponderados polo concello,



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

atendendo aos posibles prexuízos que puideran derivarse para a veciñanza afectada por esta modificación.

Quinto.- No seu conxunto deberá procurarse a recuperación dos nomes orixinais das vías ou lugares, e, no caso de viarios ou espazos de nova creación, elaboraranse estudos sobre os antecedentes e denominacións deste trazado, co obxecto da súa recuperación na medida do posible.

Sexto.- En canto aos nomes persoais rexerán, ademais, os seguintes criterios:

- a) Corresponderán, como criterio xeral, a persoas falecidas. Excepcionalmente, en consideración ás circunstancias motivadas na proposición que se presente, poderán ser persoas non falecidas.
- b) Responderán a criterios de historicidade con carácter preferente pero non excluínte.
- c) Terán prioridade os nomes de fillos ilustres ou significativos de Narón, ou de persoas de igual rango, relacionadas coa cidade. A continuación, e co mesmo criterio, da Coruña, Galicia, España, Hispano América e resto do mundo.

CAPÍTULO IV

Réxime de identificación de edificios e vivendas.

Artigo 9º.

- a) O concello, con carácter periódico e atendendo á realidade física existente, debe revisar, actualizar e completar a nomenclatura e rotulación das rúas e outras vías públicas e a numeración dos edificios, así como proceder á revisión das entidades ou agrupamentos de poboación do termo municipal e a da súa división en seccións, de acordo coas leis e normas que as rexen.
- b) Os edificios e vivendas situadas nas rúas da cidade están suxeitas a servidume de soportar a colocación nas fachadas das placas correspondentes ao nome das rúas ou numeración de policía. Para tal efecto, os propietarios e usuarios dos inmobles deberán procurar a perfecta visibilidade das placas correspondentes, deixándoas libres e sen ningún impedimento.
- c) Numeración dos edificios.



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

A asignación de número de policía correspóndelle ao Negociado de Estatística, non sendo válidos os números outorgados por outras administracións ou demais servizos municipais.

O procedemento para a numeración de edificios iniciárase de oficio, como consecuencia da actuación municipal, ou a instancia de persoas interesadas. Ás solicitudes de adxudicación de número achegarase, ademais da Referencia Catastral da parcela onde está sito o inmovible, a documentación gráfica que identifique suficientemente a ubicación e portais de acceso a el. Poderase acompañar a dita documentación dun plano de situación en formato dixital, con extensión DXF ou en formato shapefile, xeorreferenciado no sistema de coordenadas oficial en España: ETRS89.

Todos os edificios e demais inmobles situados en áreas urbanas ou rurais do municipio deben mostrar a placa indicadora do número que lles corresponde.

Estas placas deben ser instaladas e mantidas en bo estado de conservación polos propietarios de inmobles. Poderase, no seu caso, aprobar un modelo oficial de placa onde conste o número e a vía na que está situado o inmovible.

Para tales efectos, e coa finalidade de conservar permanentemente actualizada a correspondente base de datos de denominación de rúas e numeración de edificios, o Negociado de Estatística do concello será informado polo Departamento de Urbanismo sobre os procesos relativos a conceder o permiso de planificación para a demolición, construción e licenzas de actividade, e as de fragmentación, segregación e división de solar, explotacións e, en xeral, todos aqueles que dalgunha maneira afectan a este.

Artigo 10º.

Para a numeración de edificios teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Nas vías urbanas deberá estar numerada toda a entrada principal, independentemente de que teña acceso a vivendas ou locais, calquera que sexa o seu uso.
- b) Poderanse, excepcionalmente, numerar as entradas accesorias ou baixos como tendas, garaxes, dependencias agrícolas, bodegas e outras, as cales enténdese que teñen o mesmo número que a entrada principal que lle corresponde, cun cualificador



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

engadido. Non obstante, cando nunha vía urbana existan laterais ou traseiras de edificios xa numerados noutras vías como tendas, garaxes ou outros, cuxo acceso único sexa polo dito lateral ou traseira, numerarase o edificio, tendo o dito número carácter accesorio.

c) Os números pares estarán de forma continuada na man dereita da rúa e os impares na esquerda.

A numeración partirá dende o extremo ou acceso máis próximo á vía principal que atravesa o municipio (Estrada de Castela), agás causa xustificada.

Nas prazas non haberá máis que unha numeración seguida ou correlativa.

d) Cando pola construción de novos edificios ou outras causas existan duplicados, engadirase, se fose necesario, unha letra A, B, C... ao número como cualificador para non romper a serie numérica da vía á que pertencen.

Poderán manterse os saltos de numeración debidos a derrubamentos de antigos edificios ou a outros motivos.

Nos soares para construír terase en conta pola súa anchura, posición ou futuro destino, reservando, a tal efecto, os números que se xulguen convenientes para evitar neles vindeiras modificacións de numeración da rúa ou vía á que pertencen. Os ditos números consideraranse como provisorios ata que se asignen cun carácter definitivo.

Cando se realice a revisión da numeración dunha rúa ou vía pública, renumeraranse os edificios cando pola existencia de duplicados ou outras causas (saltos de numeración etc...) houbera problemas reais de identificación, sobre o terreo, dos edificios.

e) Deberá darse solución lóxica a todos aqueles casos excepcionais que non se axusten á disposición habitual de edificios formando rúas e prazas, de maneira que cada entrada principal quede identificada sempre numericamente. No caso de edificios ou bloques con portais ou entradas independentes, sen acceso directo dende a rúa, a solución consistirá en colocar na rúa na que o bloque de edificios tivera o acceso principal, un rótulo que conteña o total de número a que dá acceso.

f) Os edificios situados en diseminado tamén deberán estar numerados. Se estivesen distribuídos ao longo de camiños, estradas ou outras vías, numerarase de forma análoga ás rúas, aínda que para iso se requira incluír como vía os camiños ou outras



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

entidades, respectando en todo caso a toponimia do lugar ou incluír construcións que se encontren algo desviadas pero servidas polas ditas rutas. Pola contra, se estivesen totalmente dispersas, deberán ter unha numeración correlativa dentro da entidade, creando así unha numeración para o núcleo e outra distinta para as zonas diseminadas.

En xeral, toda construción en diseminado debe identificarse pola vía na que poida inserirse e polo número á que ela pertence; e se isto non fose posible, polo nome da entidade de poboación á que pertence e polo número de serie asignado.

g) A Cartografía dixital elaborada polo Negociado de Estatística e posta a disposición das persoas físicas ou xurídicas que corresponda, en ningún caso terá valor e virtualidade xurídica, senón unicamente informativa.

Artigo 11º.

Primeiro.- Dentro dos edificios é preciso dispor dunha ordenación uniforme que permita identificar cada unha das vivendas.

Nos casos nos que exista duplicidade ou indeterminación na identificación dunha vivenda, será preciso realizar as modificacións oportunas co fin de eliminar calquera tipo de ambigüidade.

A tal efecto, requírese unha numeración de plantas e, dentro de cada planta, unha completa identificación das vivendas mediante a asignación de números ou letras nas súas entradas principais.

Tamén será necesario identificar cun número ou letras as escaleiras principais ou independentes, no caso de que houbera máis de unha.

Poderase acudir no seu caso a rexistros públicos tales como o Catastro ou o Rexistro da Propiedade, para resolver as dúbidas ou inexactitudes que se detecten tanto na numeración interior dos edificios como á existencia ou non de división horizontal do inmovible.

Segundo.- Todos os edificios de uso e utilidade pública levarán a súa correspondente inscrición, expresando nela o nome e destino deles.

CAPITULO V



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

Deberes e responsabilidades.

Artigo 12º.

Primeiro.- Os propietarios non poderán opoñerse á figuración nas fachadas das súas casas de rótulos de rúas, dirección de circulación ou calquera outra indicación que se refira ao servizo público.

Segundo.- Queda prohibido alterar ou ocultar a rotulación ou numeración de vías e edificios.

Terceiro.- Os propietarios teñen a obriga de colocar os números das casas e na forma que, se é o caso, poida establecerse.

Cuarto.- Nos casos en que o concello acordase cambiar a numeración dos edificios nos que xa figurasen números previos, corresponderá ao propietario ou á comunidade de veciños tanto a adquisición da nova placa como a súa colocación, podendo no seu caso o concello proporcionar algún tipo de adhesivo ou solución de carácter provisorio.

Quinto.- A inexistencia de placas de numeración ou discordancia das existentes coa numeración oficial vixente, dará lugar, ademais da sanción que corresponda, á colocación ou substitución, se é o caso, das placas adecuadas por parte dos servizos municipais, a conta dos propietarios, fixándose como prezo para tales casos, o que **corresponda segundo os prezos de mercado en cada momento**, incluíndo todos os conceptos (material, man de obra, gastos xerais e impostos). **O custo correspondente en cada momento determinarase por resolución da Alcaldía do concello, previo informe proposta do servizo municipal competente.**

Para tal efecto, a alcaldía requirirá ao interesado ou comunidade de propietarios co fin de que proceda a instalar a nova placa de sinalización nun prazo non superior a 20 días, transcorridos estes procederase de oficio polo concello á súa instalación.

Artigo 13º.

Calquera incumprimento das prohibicións e deberes citados dará lugar a requirimento para a súa corrección. No caso de non cumprirse poderá impoñerse unha multa coercitiva establecéndose un novo prazo, sen prexuízo doutras formas de execución forzosa.



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

CAPÍTULO VI

Do procedemento sancionador

Artigo 14º: Infraccións.

O incumprimento de calquera das obrigas ou das prohibicións contidas na presente ordenanza terá a consideración de infracción administrativa e poderá ser sancionado pola Alcaldía ou concellería delegada, na forma e contía que se regulamenta nos artigos seguintes. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. Serán infraccións moi graves:

- a) Os actos de deterioro grave e relevante dos elementos de rotulación de vías ou de numeración de inmobles regulados nesta Ordenanza ou de calquera dos seus elementos, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.
- b) A omisión negligente ou dolosa dalgunha das obrigas recollidas nesta ordenanza.
- c) O impedimento grave ou obstrución relevante aos servizos municipais ou, no seu caso, ao contratista ou axente municipal nos traballos relacionados co especificado nesta ordenanza.

As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, de acordo cos seguintes criterios:

- a) A intensidade dos danos ocasionados aos elementos de rotulación.
- b) Os prexuízos ocasionados pola omisión das obrigas reguladas nesta ordenanza.
- c) A intensidade na perturbación ocasionada aos encargados de levar a cabo tarefas de rotulación ou numeración de vías públicas.
- d) **A reincidencia na comisión das infraccións reguladas nesta Ordenanza.**

Artigo 15º: Sancións.

As infraccións ás normas reguladas polo presente decreto serán sancionadas, tras a tramitación do expediente correspondente, cunha multa por valor que para cada infracción se establece e concreta no cadro de sancións unido como anexo a esta ordenanza.

Artigo 16º: Disposicións xerais.



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

Ningunha pena se imporá polas infraccións en virtude deste regulamento, senón en virtude do procedemento instruído segundo se recolle nesta Ordenanza, tendo en conta ademais as especialidades procedimentais recollidas na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e os principios da potestade sancionadora recollidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 17º: Competencia.

A competencia para impoñer sancións en virtude da presente ordenanza reside na alcaldía, sen prexuízo das delegacións que acorde efectuar de acordo coa normativa vixente.

Artigo 18º: Prazos para a tramitación.

O prazo máximo para a tramitación e resolución dos procesos sancionadores será de seis meses a partir da data de inicio. Serán de aplicación, se este período é superado, as disposicións do artigo 25.1 b) da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 19º: Iniciación.

Primeiro.- O procedemento para a imposición de sancións será iniciado por acordo do órgano competente, nos termos recollidos nos artigos 63 e 64 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo.- As denuncias por parte de terceiros poden ser feitas por escrito dirixido ao órgano competente, ou mediante follas de reclamacións do servizo, cando sexan esixibles de conformidade coas normas vixentes.

As queixas feitas por persoas interesadas deben incluír o seu nome, enderezo e número de identificación. No caso de alegacións formuladas en nome de sociedades, asociacións ou institucións, tales datos referiranse ao representante que a subscriba no escrito, e debe facer constar tamén o nome da persoa xurídica a quen represente e xustificar documentalmente a súa representación.

Terceiro.- En todas as denuncias feitas pola Policía Local ou por outras forzas de seguridade, será realizada unha breve exposición dos feitos e datos de identificación do infractor, a condición, destino e identificación do axente, que pode ser a través de



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

número de identificación profesional, así como aquelas circunstancias e os datos para axudar a determinar o tipo de infracción.

Cuarto.- O acordo para iniciar o procedemento notificarase ao instrutor, ao denunciante, se é o caso, e ás outras partes interesadas, e darase un prazo de quince días.

Artigo 20º: Instrución.

Primeiro.- O órgano administrativo responsable para a instrución do proceso sancionador realizará de oficio todas as accións que sexan axeitadas para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos que hai que emitir a resolución, que pode, se é o caso, aceptar archivar os documentos cando non deriven responsabilidade.

Segundo.- Finalizada a instrución do procedemento, o órgano competente fará proposta de resolución, que se notificará ás partes interesadas, dándolles un prazo de 15 días para facer alegacións e presentar os documentos e informacións que consideren pertinentes.

A audiencia ao interesado non será necesaria nos supostos regulados no artigo 82.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 21º: Resolución e recursos.

Primeiro.- A resolución do procedemento sancionador, que será sempre motivado e esgotará a vía administrativa, notificaráselle ao interesado e ao reclamante, cando este fose tido tamén como interesado neste.

Segundo.- Contra as resolucións administrativas relativas aos procedementos sancionadores pode ser presentado un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, ante os tribunais do contencioso administrativo de Galicia. Con carácter potestativo, as partes interesadas poden presentar un recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ante o mesmo órgano que emitiu o acto de que se trate.

Artigo 22º: Execución.

As sancións impostas en virtude da presente ordenanza deben ser cumpridas no prazo de quince días, contados a partir do día seguinte ao día en que se fai firme a



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

resolución que puxo fin á vía administrativa. Tras este período sen que foran feitas efectivas, procederase á súa recadación pola vía de constrinximento na forma e prazo establecidos no Regulamento xeral de recadación.

As imposicións de sancións pecuniarias que correspondan serán independentes, se é o caso, da obrigação de reparar os danos causados.

Artigo 23º: Prescrición de infraccións e sancións.

Primeiro.- As infraccións moi graves reguladas nesta ordenanza prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

Segundo.- As sancións firmes impostas en virtude da aplicación desta ordenanza por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Terceiro.- O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar dende o día en que a infracción foi cometida. Interromperá a prescrición do procedemento de iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reiniciándose o prazo de prescrición, se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Cuarto.- O prazo de prescrición das sancións comeza a partir do día seguinte a aquel en que a resolución pola que se impón a sanción sexa firme. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do asunto polo interesado, do proceso de execución, volvendo a transcorrer o prazo se está paralizado dende hai máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Disposición Adicional

A interpretación das disposicións desta Ordenanza ou a resolución das dúbidas que ofrezca a súa aplicación, corresponderá ao Concello de Narón, a través da alcaldía, que poderá ditar cantas resolucións ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación e aplicación desta ordenanza.

Disposición Derrogatoria.

Á entrada en vigor da presente Ordenanza, quedará derogada a Ordenación de rotulación de vías urbanas, diseminados e numeración de edificios, publicada no BOP número 109, do 11 de xuño de 2012.

Disposición Final.



Departamento de Estatística
Praza Galicia, 1
15570 Narón (A Coruña)
Teléf.: 981 337 700
Fax: 981 388 044

A presente ordenanza entrará en vigor nos termos previstos no artigo 70.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*.

ANEXO I

Tipo de Infracción	Contía económica
Infracción moi grave	Ata 500 €
Infracción grave	Ata 100 €
Infracción leve	Ata 60 €

De conformidade co disposto no Art. 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e co art. 10.b da Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados a partir da súa publicación ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Galicia.